

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 25 de outubro de 2024 pola que se declara a tramitación de urxencia no proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461C) e no proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461H) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado mediante a Orde do 14 de agosto de 2024 (Diario Oficial de Galicia número 169, do 3 de setembro).

Mediante a Orde do 14 de agosto de 2024 (DOG número 169, do 3 de setembro) convocouse o proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461C) e o proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461H) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial.

Este proceso está regulado na antedita orde e no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos da Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

Coa finalidade de que sexa posible rematar neste ano os procesos de promoción interna e de provisión por mobilidade citados e así dar debido cumprimento ás necesidades dos concellos participantes en canto á cobertura do persoal do corpo da Policía Local que precisan, é necesario recorrer ao trámite polo procedemento de urxencia.

De acordo co establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando razóns de interese público o aconsellen, poderase acordar, de oficio, a aplicación da tramitación de urxencia, o que supón reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Ademais, este artigo indica que non caberá recurso ningún contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

Debido á dificultade das probas e á complexidade da baremación e coa finalidade de poder garantirlles aos concellos que delegaron a súa selección na Xunta de Galicia, tras a sinatura dos convenios preceptivos, a toma de posesión como funcionarios dos oficiais



que superaron os procesos canto antes, conséntase que existen razóns fundadas de interese público que aconsellan reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario.

Considerando, por tanto, que concorren os requisitos da tramitación de urxencia prevista no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, esta dirección xeral

RESOLVE:

Declarar a urxencia no proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461C) e no proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461H) nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado mediante a Orde do 14 de agosto de 2024 (DOG número 169, do 3 de setembro) e, por tanto, reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

A Estrada, 25 de outubro de 2024

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

CVE-DOG: yfir2qp4-wyu7-fnk6-p7b0-bswnofzpfho0

